



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local

Expte. 961/1102 Classification: General Business

RESOLUCIÓN

O Concello de Vigo ten unha longa traxectoria no impulso da transparencia e do bo goberno, ámbito no que resulta fundamental dar prioridade á accesibilidade e difusión da información municipal xa que é consciente de que a información permite e facilita tanto a cidadáns como a empresas, exercer os seus dereitos e obrigacións ante a Administración, ao tempo que incrementa a transparencia administrativa.

Debido a importante ampliación dos contidos publicados no Portal de Transparencia, lembremos que durante os anos 2018 e 2019 aumentáronse o número de indicadores de transparencia pasando de 111 a un total de 158, e co gallo de facilitar a experiencia dos usuarios do Portal de Transparencia, considerouse necesario incorporar un apartado onde, de xeito automatizado, se recollesen os últimos ítem de información actualizados.



Deste modo, ademais da referencia individualizada da data de actualización que conteñen os datos publicados no Portal de transparencia, nun primeiro acceso e sen necesidade de navegar polas diferentes categorías de datos, xa se ten dispoñible a última información actualizada no Portal.

Os últimos datos actualizados preséntanse nunha dobre vertente; por unha banda como enlace ao indicador orixe dos datos, e por outra como o correspondente arquivo directamente descargable.

Inscripción - Newsletters

Últimos datos actualizados:

- ≡46/ Orzamento municipal
- ≡53/ Período medio de pagamento a provedores
- ≡126/ Planificación da contratación do Concello de Vigo do ano 2021

Este novo apartado configúrase así como unha vía de impulso da difusión do contido do Portal de Transparencia en liña coa coa orientación das medidas en materia de Transparencia do Concello de Vigo, medidas sempre orientadas tanto á mellora e ampliación dos contidos, como ao aumento da súa difusión e visibilidade.

Á vista do exposto formúlase a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Establecer como boa práctica municipal de transparencia e bo goberno, a “*Creación apartado últimos datos actualizados*”, como medida de impulso da difusión do contido do Portal de transparencia e simplificación do seu acceso por parte da cidadanía.

Segundo.- Aprobar a remisión á Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana da FEMP, da iniciativa no marco das políticas públicas de transparencia e integridade na xestión municipal, para a súa incorporación ao Banco de Boas prácticas.

Terceiro.- Dar traslado da presente ao xefe do Servizo de Administración Electrónica e á Secretaría do Goberno Local e ordenar a súa publicación no Portal de Transparencia.

Conforme a precedente proposta en execución das competencias, en exercicio das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, e posteriores modificacións,

| | | | |
|--|--|--|---------------|
| | Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/02/2021 12:14 | Páxina 2 de 3 |
| | Expediente 961/1102 | CSV: 2BE18D-8A84AA-2A578C-DAMWRS-8HNAC2-EH | |
| | Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local

Expte. 961/1102 Classification: General Business

RESOLVO

Prestar conformidade coa mesma, e ordenar a execución nos seus termos.

CCA/xs.

Data da sinatura dixital,

A CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO

Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

